

Banda Deseñada

Novidades, Marzo 2006

Biblioteca Pública da Coruña “Miguel González Garcés”

Expómos unha relación das novidades en banda deseñada (comics) que se recibiron na biblioteca durante o mes de marzo. Todas estas novidades poden atoparse na Sala de empréstimo de adultos, no primeiro andar da Biblioteca.




“Leyenda 2. Bosques profundos”. De Swolfs

Tristán, o neno-lobo, vive cun grupo de salteadores onde debe aprender a sobrevivir empregando a violencia. O duque Matthias e o seu diabólico conselleiro inician unha expedición polo bosque para rescatar a un enviado do rei de Franza, esperando coller ao mesmo tempo a Tristán. O autor Swolfs, artista de variada temática, do que tamén podemos atopar na biblioteca, na súa faceta como guionista, a serie “James

Healer”

“Banda deseñada: na vangarda 2005.”

Volume que recolle os traballos premiados no Certame Galego de Novos Creadores do ano 2005. “patacas” de David Rubín e “A transformación de Dinki” de Alberto Vázquez historias emotivas foron o primeiro e segundo prêmio, e “Pistas” relato inquietante de Marcos González o terceiro premio. Tamén se recollen obras de Alejandro Cal, Antonio Seijas e Gochi. En resumo unha recopilación moi interesante sobre o estado da banda deseñada galega no ano 2005, ao recoller autores novos e outros xa consagrados.




“Fog. 4. Las arenas del tiempo” de Bonin e Seiter.

Despois da solución ás mortes misteriosas dos arqueólogos dos primeiros volumes desta serie, volven os asasinatos misteriosos. Unha sociedade secreta e uns asasinados empuxados por unha forza diabólica terán que ser parados polos protagonistas Mary Lauceston e Rupert Graves, con axuda que lles chega da América da man dun explorador e dun chamán indio. Debuxo de trazo preciso e refinado, sen demasiado detallismo,

recrean perfectamente un Londres do século XIX ligado a Jack o destripador ou Sherlock Holmes.

“Isaac el Pirata. 4. La Capital” de Christophe Blain.

Christopher Blain tamén autor do ciclo da Mazmorra Amanecer, continua a historia de Isaac, cun estilo gráfico semellante aos comic da mazmorra, cun dibuxo pouco realista, pero cun guión de alta calidade. Isaac torna a París, onde volve vivir co seu pai e toma contacto cos baixos fondos da Capital mentres intenta tomar contacto novamente coa su noiva.




“La posada del fin del mundo. 2. Pasos en la arena” de Prugne e Oger

O escribán desperta no albergue sobre o cantil, co sentir de ter sido espiado pola noite por seres sobrenaturais. O propietario do albergue continua coa súa narración da historia do mozo Yann e da súa moza Irena, que ten poderes sobrenaturais nun entorno impregnado coa mitoloxía bretona da que saen criaturas diabólicas enviadas polo Ankou que absorben as

mentes dos vilegos.

“ZITS nº 5. Descomprimido”

Recopilación da tira cómica de Jerry Scott e Jim Borgman gañadora de varios premios á mellor serie de humor. Recolle as cousas que lle pasan a Jeremy, un adolescente, e aos seus pais; os problemas da vida na súa etapa xuvenil, desde os da vida do fogar aos amorosos pasando polos escolares. É un volume moi divertido aconsellabel tanto para pais como para os fillos.




“Ring Circus nº 3. Los amantes” de Chauvel e Pedrosa.

Interesante comic que continua desvolvendo intrigas dos volumes anteriores. Nuns ambientes de contrastes entramos en acontecementos dramáticos e outros máxicos e que intuimos terroríficos. O deseño é moi agradable e a cór é de tons pastel.


“India dreams, 4. No hay nada en Darjeeling” de Charles e Maryse.

A India é un dos principais protagonistas desta obra, os escenarios da fin da época colonial, destacando o choque de culturas entre os colonizadores e os indios nativos, cun tema de intriga que recorre os catro volumes desta serie. Neste cuarto volume remata a historia do grupo hippy que entra en Katmandu, e retoma uns temas que quedarán soltos na narración anterior. Kamala debe ir a Darjeeling buscando respostas á historia da súa familia, pero a pista remata e ningún quere falar. Debuxo moi agradable cunha paleta de cores pastel.



“Cat Shit One, nº 3” de Motofumi Kobayashi

Último volume da serie, ambientada na guerra do Vietnam, onde as personaxes son coellos, gatos ou monos segundo sexan dun país ou doutro. A pesares de que as persoaxes sexan animais o debuxo é realista, e a ambientación está moi coidada, tendo estudado, o autor, o material bélico, tanto fusís como tanques ou helicópteros, empregado nese conflito. Obra indicanda para os amantes do xénero bélico.




“Sam Pezzo, nº 1” de Vittorio Giardino.

Son as primeiras historias deste detective privado publicadas orixinalmente desde principios dos anos 80. O personaxe é un detective ao xeito dos clásicos da serie negra, gabardina, poucos cartos, despacho con vidro na porta etc. E cun aire de perdedor que sae magoado e cunha resolución amarga dos casos que resolve. O deseño de Giardino, en branco e negro, ten ese carácter realista que alcanzará maior

mestria nas súas obras posteriores

“Cuervos 3. El angel de los malditos”, de Marazzano e Durand.

Relato crú e realista que nos presenta a Juan, o protagonista, sufrindo un baleiro vital na súa paternidade. A historia do seu ascenso como narcotraficante na cidade de Medellín, desde neno esnifador de cola a adulto controlador do cartel e con importantes implicacións políticas a traveso do seu matrimonio, sen deixar de controlar as operacións mafiosas.





“Henri, Hijo de sus padres” de Mathis.

Mathis, autor de literatura xuvenil e banda deseñada, lembra anécdotas da súa infancia neste personaxe de Henri, mirada cara o pasado sen nostalgia e cun certo amargor. Un deseño nada condescendente para un comic interesante e dunha estética diferente

“El Bruto : solo miseria”, de Eric Powell.

Trátase dunha recopilación de historias deste personaxe. O comic a cor cun deseño de tipo humorístico e tema terrorífico parodiando tamén outros temas de comics como o de superheroes.







“El niño 2. Rio Guayas”. De Perrissin e Pavlovic

Vera, enfermeira da Cruz Vermella busca o seu irmán xemeo, neste caso por sul América, atravesando a miseria da xente e a corrupción policial, contando coa axuda dos seus compañeiros da axuda internacional. O deseño, de Pavlovic, é realista, cunhas cores tamizadas.

“Bigfoot”, de Richard Corben.

Nova historia deste debuxante americano, que alcanzou a maior mestría nas súas obras persoais dos anos 80. Historia a cór co estilo inconfundibel de Richard Corben, cunha narración moi axil e bastante entretida dunha historia simples: nun parque dos Estados Unidos aparece un Bigfoot (monstro peludo de enorme tamaño) que dosifica as súas aparicións até unha resolución da historia que queda aberta.





“El sueño eterno”, de Andreu Martín e Luis Bermejo.

Historia baseada no relato de Raymond Chandler, paradigma do xénero negro. A adaptación de Andreu Martín é espléndida e o debuxante Luis Bermejo, plasma a historia en viñetas en branco e negro que reforzan o relato. A obra foi realizada hai máis de quince anos pero merece o seu rescate agora.

“Eddy Current 1” de Ted McKeever

Unha obra de hai 20 anos, Eddy Current é un interno nun frenopático que a causa dunha tormenta eléctrica pode escapar e non se sabe se o tolo é Eddy ou o mundo en que vive, na súa fuga atopará punks, rockers e outros grupos de tribus urbanas dos Estados Unidos dos anos 80. Obra en branco e negro que potencia os ángulos agudos para conseguir unha atmosfera irreal e opresiva.



“Queen & Country n° 4. Operación Blackwall”. De Rucka e Alexander.

A historia de Greg Rucka sobre os servizos secretos británicos non trata neste número de problemas bélicos etre grandes potencias ou de terrorismo, e céntrase na utilización da espionaxe e da chantaxe no mundo dos negocios, dos grandes negocios. Os servizos secretos británicos interveñen para defender os intereses económicos do seu país en contra dun

aliado. O deseño, de J. Alexander en branco e negro, sen grandes manchas adaptase perfectamente ao guiño.